

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027964	IES de Oroso	Oroso	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Economía e emprendemento	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

A materia de modalidade Economía e Emprendemento está exposta como materia optativa en cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e persegue dúas finalidades: por unha banda, que o alumnado dispoña dunha educación económica e financeira para desenvolver, de maneira responsable e viable, os seus proxectos vitais, profesionais e, no seu caso, empresariais; e, por outra banda, que o alumnado poida buscar solucións innovadoras para afrontar os retos que se propoñan, a través do seu autocoñecemento, o coñecemento adquirido e a colaboración cos demais.

Xunto a estes obxectivos, para este curso será de especial relevancia adquirir unha visión crítica e responsable da actividade económica e as súas consecuencias, singularmente nos eidos social e ambiental, así como unha perspectiva ampla que inclúa formas económicas alternativas ás dominantes como as propias do cooperativismo, a economía social, colaborativa ou circular.

Tamén será un obxectivo central adaptar a materia ao contexto inmediato do alumnado e en xeral do centro. O IES de Oroso sitúase nun concello cunha estrutura particular, xa que se trata dun territorio cun forte peso do rural pero á vez contiguo á cidade de Santiago. Ademais disto, a súa distribución corresponde a once parroquias e conta cunha vila central que é Sigüeiro, cun crecemento importante nas últimas dúas décadas en relación á expansión metropolitana de Santiago. De feito, ten uns indicadores demográficos moito máis equilibrados que o xeral dos concellos galegos, o que está a repercutir no mantemento ou mesmo aumentos puntuais do número de alumnado no centro. Aínda que a paisaxe é claramente agraria, con singular importancia da gandaría de vacún, o sector económico maioritario é o servizos, pero cunha importancia do primario e o secundario maior que a na media galega e estatal.

Neste curso a matrícula para a materia é de 25 alumnas/, o que conforma un número elevado e pode ter repercusións na organización de determinadas actividades, en especial as de pequeno grupo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar e valorar as fortalezas e as debilidades propias e as dos demais, reflexionando sobre as aptitudes, xestionando de forma eficaz as emocións e as destrezas necesarias que promovan unha actitude vital creadora para adaptarse a contornas cambiantes e deseñar un proxecto persoal único, cunha actitude emprendedora que xere valor para os demais.					1	1	2	3
OBX2 - Utilizar estratexias de conformación de equipos, así como habilidades sociais, de comunicación e innovación áxil, aplicándoas con autonomía e motivación ás dinámicas de traballo en distintos contextos, para constituír grupos de traballo eficaces e descubrir o valor de cooperar con outras persoas durante o proceso de ideación e desenvolvemento de solucións emprendedoras.	1	1-2			1-3	1	2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Elaborar, con sentido ético e solidario, ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta ás necesidades locais e globais detectadas, utilizando metodoloxías áxiles de ideación e analizando tanto os seus puntos fortes e débiles coma o impacto que poidan xerar esas ideas na contorna, para lograr a superación de retos relacionados coa preservación e co coidado da contorna natural, social, cultural e artística.			3			4	1-2-3	3
OBX4 - Seleccionar e reunir os recursos dispoñibles no proceso de desenvolvemento da idea ou solución creativa proposta, coñecendo os medios de produción e as fontes financeiras que proporcionan estes recursos e aplicando estratexias de captación destes para poñer en marcha o proxecto que leve á realidade a solución emprendedora.			3	2			1-2	
OBX5 - Presentar e expoñer ideas e solucións creativas utilizando estratexias comunicativas áxiles e valorando a importancia dunha comunicación efectiva e respectuosa para transmitir mensaxes convincentes adecuadas ao contexto e aos obxectivos concretos de cada situación e validar as ideas e as solucións presentadas.	1-2-3			3	1	1	1-2	
OBX6 - Comprender aspectos básicos da economía e das finanzas, valorando criticamente o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir, así como os principios de interacción social desde o punto de vista económico, para relacionar os devanditos aspectos coa procura e planificación dos recursos necesarios no desenvolvemento da idea ou da solución emprendedora que afronte o reto exposto de maneira eficaz, equitativa e sostible.						1	1-2-3	
OBX7 - Construír e analizar de maneira cooperativa, autónoma e áxil prototipos innovadores e sostibles, aplicando estratexias eficaces de deseño e execución, avaliando todas as fases do proceso de maneira crítica e ética e validando os resultados obtidos tanto para a mellora e perfeccionamento dos prototipos creados coma para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e colectivo.			3	5	3-5		2-3	

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución á economía como saber aplicado. Elementos básicos do sistema económico.	Tema introdutorio á economía, orixe do concepto e algunhas correntes históricas. A perspectiva de xénero aplicada á economía. Revisión de compoñentes básicos da economía: sectores económicos, diñeiro e mercado.	10	15	X		
2	Axentes económicos. Actividade económica e entorno laboral.	Análise da diversidade de actores económicos presentes na sociedade: persoas, empresas, entidades públicas, asociacións e organizacións sen ánimo de lucro. O mundo do traballo dentro das empresas e baixo a fórmula do traballo por conta propia.	10	12	X		
3	Impactos da actividade económica e responsabilidade social e ambiental.	Neste tema trátase das consecuencias da actividade económica nos planos social e ambiental, en especial dos aspectos máis problemáticos relativos a impactos nas comunidades, na distribución da renda e a riqueza ou sobre o medio natural.	10	12		X	
4	Outras formas de acción económica: economía social, cooperativa, circular. Actividades económicas no rural.	A unidade detense en formas de actividade económica cunha perspectiva máis social e colectiva e cunha maior vocación de sostibilidade. Tamén se trata con máis detalle o contexto rural como espazo de actividades económicas.	10	12		X	
5	Recursos materiais e inmateriais dun proxecto económico.	Achegámonos a algúns dos recursos necesarios para iniciar un proxecto económico, tendo en conta o sector e elementos materiais e inmateriais, entre eles o financiamento.	10	12			X
6	Emprendemento. Factores persoais e colectivos.	Unidade que se dirixe aos aspectos persoais que están detrás do emprendemento, ás capacidades, habilidades ou riscos que se moven nese plano. Tamén ao funcionamento dos equipos e aos contextos máis amplos, de tipo social, nos que se pode desenvolver unha actividade económica.	10	12			X
7	O proxecto emprendedor.	Tema transversal, que se imparte ao longo de todos os trimestres. Trátase de desenvolver un proxecto emprendedor concreto, sexa en pequenos grupos ou coa aula ao completo. Incluirá cando menos as fases de concepción da idea inicial, formación do grupo, planificación e análise previo, posta en marcha, difusión, revisión do proceso, execución e análise final.	40	30	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución á economía como saber aplicado. Elementos básicos do sistema económico.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Analizar cando menos unha situación práctica proposta empregando os elementos teóricos estudados na unidade.	PE	100
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Entender a relación entre dispoñibilidade de recursos e bens e diferentes propostas económicas históricas.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Acadar unha comprensión dos elementos teóricos da unidade que permita identificalos na práctica e no contexto próximo do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.</li> <li>- O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades.</li> <li>- O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información.</li> <li>- O sistema financeiro.</li> <li>- Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Axentes económicos. Actividade económica e entorno laboral.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	Manexar as características esenciais de cada tipo de axente económico.	PE	100
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Analizar procesos económicos cotiáns en base aos axentes económicos que interveñen neles, tanto na parte da produción, distribución e venda como na do consumo. Cando menos identificar e clasificar eses axentes.		
CA3.2 - Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva	Recoñecer as repercusións de cada tipo de axente económico na conformación dun contexto laboral determinado. Comprender a distinción esencial entre traballo por conta allea e traballo por conta propia.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Empregar o concepto de consumo, persoa consumidora ou usuaria, para identificar o propio papel na economía, utilizando elementos da materia para enriquecer esa visión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A contorna económico-empresarial. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda.</li> <li>- A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social.</li> <li>- A visión emprendedora.</li> <li>- Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.</li> <li>- Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica.</li> <li>- O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Impactos da actividade económica e responsabilidade social e ambiental.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto na sociedade.	Aplicar os elementos teóricos da unidade á unha análise dos impactos da actividade económica cotián, propia e da contorna.	PE	100
CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	Establecer conexións fundamentadas na teoría entre a actividade económica e problemas sociais e ambientais.		
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	Propor ou cando menos identificar solucións para esas problemáticas, distinguindo planos como: individual / colectivo, puntual / estrutural, curto prazo / longo prazo.		
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Asociar esas solucións a accións concretas nos diferentes planos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia económica e social da persoa emprendedora.</li> <li>- O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades.</li> <li>- A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social.</li> <li>- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe</li> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Outras formas de acción económica: economía social, cooperativa, circular. Actividades económicas no rural.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo do autocoñecemento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal.	Comprender os conceptos de <i>¿valor social¿</i> e <i>¿valor medioambiental¿</i> aplicados á actividade económica.	PE	100
CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	Identificar os aspectos destes outros modelos de acción económica nos que se desenvolven eses valores sociais e medioambientais.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	Comparar diferentes actividades e formas de organización económica en relación a criterios sociais e medioambientais.		
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Trasladar os elementos teóricos a propostas persoais, exemplos creativos de accións económicas realistas baseadas nos criterios sociais e medioambientais vistos.		
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Trasladar os elementos teóricos a propostas persoais, exemplos creativos de accións económicas realistas baseadas nos criterios sociais e medioambientais vistos.		
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Desenvolver cando menos unha desas propostas detectado un problema e/ou carencia, deseñando uns obxectivos, uns pasos para acadalos e uns indicadores para avaliar a súa consecución.		
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Desenvolver cando menos unha desas propostas detectado un problema e/ou carencia, deseñando uns obxectivos, uns pasos para acadalos e uns indicadores para avaliar a súa consecución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia económica e social da persoa emprendedora.</li> <li>- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.</li> <li>- A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social.</li> <li>- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe</li> <li>- Sectores produtivos e xéneros da contorna cultural e artística. Axentes que apoian a creación de proxectos culturais emprendedores.</li> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> <li>- O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Recursos materiais e inmateriais dun proxecto económico.	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	Definir o concepto de recurso (material e inmateral) e comprender a súa variabilidade en función dos contextos.	PE	100
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Desenvolver ideas persoais e creativas en relación aos recursos precisos para un proxecto.		
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Valorar o papel dos recursos en casos reais ou simulados.		
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Comprender o peso dos recursos como elemento límite de calquera proxecto, tanto na parte das súas necesidades como das súas repercusións.		
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Identificar os recursos precisos para o caso dun proxecto concreto.		
CA3.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización.	Ser quen de elaborar unha estratexia viable e realista para un caso concreto de proxecto en relación a obtención dos recursos precisos.		
CA3.5 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste.	Expresar con claridade e concreción esa estratexia.		
CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Relacionar os elementos desta unidade co proxecto emprendedor escollido para a unidade 7.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.</li> <li>- O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información.</li> <li>- O sistema financeiro.</li> <li>- Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.</li> <li>- As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Emprendemento. Factores persoais e colectivos.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo do autocoñecemento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal.	Comprender o concepto de emprendemento en relación a certos factores persoais (creatividade, traballo en equipo, comunicación, emocións, constancia, respecto, etc).	PE	60
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Empregar cando menos unha ferramenta de análise das propias fortalezas e puntos febles neste sentido.		
CA1.3 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais, promovendo e desenvolvendo actitudes creativas, asumindo o risco que supón un proxecto innovador e aprendendo dos erros que cometemos.	Identificar as emocións básicas que afectan ás persoas e o seu papel en casos concretos relacionados cos contidos da unidade.		
CA1.4 - Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo.	Entender que son as habilidades sociais e poder aplicar o concepto a casos concretos dentro da contorna próxima. Analizar as habilidades sociais precisas no proceso de creación e posta en marcha dun proxecto.		
CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	Identificar criterios e explicalos para a conformación dun grupo de traballo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva	Sinalar as habilidades sociais consideradas fundamentais para o traballo en equipo. Xustificar esa elección.		
CA1.6 - Construír ideas creativas e sostibles aplicando metodoloxías áxiles que faciliten a superación dos retos expostos con sentido ético e solidario.	Dar unha resposta creativa, persoal é ao tempo realista e viable a un reto proposto ou escollido.	TI	40
CA1.7 - Validar as ideas e solucións utilizando estratexias comunicativas áxiles adaptadas a cada situación comunicativa.	Comunicar claramente esa idea ao gran grupo.		
CA1.8 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e solucións creativas, adquirindo habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual na posta en común destas.	Empregar algunha estratexia comunicativa consciente na comunicación desa idea e o apoio de elementos audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia económica e social da persoa emprendedora.</li> <li>- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.</li> <li>- Autoconfianza, autoconecemento, empatía, perseveranza, iniciativa e resiliencia.</li> <li>- Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora.</li> <li>- Creatividade, ideas e solucións. A innovación áxil.</li> <li>- Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de traballo en grupo.</li> <li>- Xestión de emocións. A importancia da motivación para emprender. Estratexias de xestión da incerteza e to-ma de decisións en contextos cambiantes. O erro e a validación como oportunidades para aprender.</li> <li>- Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.</li> <li>- Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	O proxecto emprendedor.	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.	Crear un proxecto orixinal, ao que poidan asociarse algúns valores positivos de tipo social e/ou medioambiental. Coñecer as emocións básicas das persoas, a diferenza entre emoción e sentimento e identificar ao longo do proceso diversas emocións que están asociadas a el.		
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Propor solucións ante os problemas e retos que aparezan no proceso. Poder argumentar sobre a escolla desas solucións, analizando diversas alternativas con pros e contras.		
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Elaborar un deseño previo, unha planificación do proxecto que inclúa os obxectivos propostos, as necesidades e recursos precisos, os pasos a dar, un cronograma que os organice e uns criterios, ferramentas e modelos de avaliación. Realizar unha análise DAFO previa á posta en marcha do proxecto.		
CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións.	Ser quen de captar os recursos necesarios para levar o proxecto adiante. Cando menos, identificalos e deseñar métodos realistas para conseguilos, mesmo que poida darse algún problema e dificultade.		
CA4.5 - Validar as ideas e as solucións presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas, mantendo unha comunicación eficaz e respectuosa ao longo de todo o proceso levado a cabo.	Expor en público o proxecto en diversos momentos do proceso. Facelo de forma clara, correcta e empregando algunha técnica consciente de comunicación oral. Ser quen de debater con respecto e ideas realistas e concretas sobre a viabilidade e evolución do propio proxecto ou os doutras persoas da clase.	TI	100
CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	Establecer conexións entre a teoría vista no resto de unidades e esta parte práctica, de posta en marcha dun proxecto concreto.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Empregar correctamente e de forma útil os elementos da teoría no proceso de planificación, posta en marcha e avaliación do proxecto.		
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Analizar a eficacia das solucións propostas ante os problemas e retos presentados durante o proceso. Ter en conta na análise da evolución do proxecto e nas solucións propostas os criterios de sostibilidade económica, pero tamén os de tipo social e medioambientais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste.	Traballar en grupo mantendo unha boa comunicación, participación equilibrada e afrontando as dificultades dende o respecto e a toma en consideración da parte emocional do proceso. Facer análises colectivas sobre a planificación, evolución e avaliación final do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> <li>- Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo.</li> <li>- Desenvolvemento áxil do produto.</li> <li>- Técnicas e ferramentas de prototipado rápido.</li> <li>- Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas.</li> <li>- Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión.</li> <li>- Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil.</li> <li>- Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica.</li> <li>- O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquiera os coñecementos teóricos pero non como algo puramente memorístico, senón coa capacidade de establecer relacións entre eles e a súa contorna inmediata e de aplicalos na realización das actividades prácticas que nunha materia como esta teñen un peso importante tanto a nivel de contido como na porcentaxe da avaliación.

As unidades didácticas seguen unha liña evolutiva que comeza por un achegamento histórico e teórico á economía, para pasar progresivamente a unha análise das compoñentes económicas, os axentes da economía, os impactos e repercusións das actividades económicas, o significado do emprendemento e os seus aspectos persoais e de traballo en equipo. É dicir, vaíse do xeral e teórico ao máis concreto e aplicado. Como unidade transversal, que se despregará durante todo o curso, a unidade 7 está adicada á creación dun proxecto emprendedor orixinal, que debe completarse ao longo das diferentes unidades, dende a fase de ideas previas, o deseño, planificación, posta en marcha e avaliación.

Segundo a máxima de que se aprende facendo é recomendable o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que condúzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. Neste aspecto é viable aplicar neste curso metodoloxías variadas que impliquen un traballo activo e a capacidade de colaborar con compañeiras e compañeiros para crear coñecemento, analizar e discernir entre fontes de información, contrastar datos ou buscar conexións entre os elementos do temario e o contexto máis próximo. Todos eles propician que o alumnado traballe e afonde nas súas competencias e se lle valoren os progresos e non só os resultados. En efecto, diversificar as metodoloxías segundo a unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os

mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

O deseño e proposta de actividades variadas que trasladen os contidos á práctica e ao contexto inmediato do alumnado fai que este se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe. O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de" .... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes. Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo, xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos. Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiran autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

Apuntamentos, textos, mapas e outros documentos facilitados en papel polo profesorado.  
Caderno do alumnado.  
Aula virtual do IES de Oroso.  
Presentacións elaboradas polo profesor.  
Aula de informática do centro.  
Recursos de internet: textos, vídeos, páxinas web oficiais e especializadas na materia, podcast, etc.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase antes de que remate a primeira quincena do mes de outubro e terá como ferramenta un cuestionario con preguntas variadas, tanto en formato como en contido. As preguntas incluírán cuestións teóricas rudimentarias e que poden ser xa de coñecemento do alumnado, tanto por ter cursado a Xeografía e Historia de 3º ESO (que inclúe contidos de Xeografía económica), como por seren elementos propios da súa realidade inmediata. Tamén se proporá un texto con preguntas e a redacción dunha cuestión aberta, para avaliar a comprensión lectora e a expresión escrita, aspectos chave das competencias básicas.

O resultado deste cuestionario, así como a observación na aula e a corrección das tarefas das primeiras semanas do curso conformarán os materiais que facilitarán a primeira avaliación do alumnado realizada xunto ao resto do equipo docente. A partires desta avaliación, e despois da primeira nota que se obteña por medio dun exame escrito para poder ter unha ferramenta máis de xuízo, procederase a iniciar os reforzos que sexan precisos a aquel alumnado con necesidades educativas especiais. Tamén se axustarán as adaptacións curriculares, sempre partindo das liñas marcadas na adaptación realizada no pasado curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>40</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	60	0	<b>56</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	40	100	<b>44</b>

### Criterios de cualificación:

Cada avaliación contará cunha nota que será conformada pola media das dúas unidades didácticas secuenciais correspondentes, ponderadas sobre o 60%. O outro 40% deriva da parte correspondente da unidade 7, transversal e relativa á realización dun proxecto emprendedor concreto, que se realizará en pequenos grupos de catro ou cinco persoas (e só excepcionalmente dunha cifra diferente). Aínda que o traballo sexa grupal, a nota será personalizada e non colectiva.

A nota final do curso non é a media das tres avaliacións, senón a das diferentes unidades didácticas impartidas segundo as ponderacións recollidas nesta programación.

Os instrumentos de avaliación serán de tres tipos:

- Probas escritas tipo exame, correspondentes a cada unha das primeiras seis unidades didácticas, nas que se empregarán como instrumento de avaliación fundamental.
- Táboas de indicadores relativa a exercicios e/ou traballos prácticos específicos, empregadas en especial para a parte práctica, correspondente á unidade 7, aínda que tamén de xeito puntual para algunha outra unidade.
- Anotacións de aula para o seguimento das tarefas cotiás encargadas.

En cada avaliación debe realizarse cando menos unha proba escrita e recollese tamén a avaliación correspondente aos outros dous instrumentos para conformar a nota final, sendo posible que unha única proba escrita ou táboa de indicadores valore CA presentes en distintas unidades. As probas escritas de cada unidade conformarán un exame, que pode ser conxunto para varias unidades, con preguntas diversas en función dos contidos e criterios a avaliar, que se puntuará unha escala 0-10. As táboas de indicadores concretarase en rúbricas específicas para cada tarefa en base ao seguinte esquema xenérico:

0 - (non realiza a tarefa).

1 - (realiza menos da metade da tarefa e con moitos erros).

2 - (realiza menos da metade da tarefa con erros puntuais e leves).

3 - (completa a tarefa aínda que con moitos erros / completa a metade ou máis e ten só erros puntuais e leves).

4 - (completa a tarefa con erros puntuais e leves).

5 - (completa a tarefa correctamente)

Tanto as notas das probas escritas como as das táboas de indicadores ponderarase en función do seu valor concreto dentro de cada unidade didáctica.

O aprobado implica obter nas medias finais unha nota igual ou superior a 5 puntos, pero existe a posibilidade de redondeo á alza a partires do 4,5. Isto repítese coa posibilidade de redondeo en toda a escala de 1 a 10.

Se a media das notas dun trimestre é igual ou superior a 5 non será necesario que a alumna ou alumno realice unha proba de recuperación. Se na avaliación de xuño cumpre estas mesmas condicións tampouco fará unha proba de recuperación final. A media final de cada avaliación deriva da media das notas das diferentes unidades impartidas, en base a ponderación correspondente. Para a avaliación final non se terá en conta a media das avaliacións, senón a das



unidades didácticas impartidas.

### **Criterios de recuperación:**

Tras a primeira e segunda avaliacións existirá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación para o que se elaborará un instrumento específico que poderá conter unha proba escrita, tipo exame, e outra práctica. En todo caso buscarase que as probas teñan o formato máis claro e accesible para o alumnado, o que pode implicar que un criterio antes avaliado cunha táboa de indicadores pase agora a avaliarse cun exercicio escrito, sempre que se considere que isto favorece ás posibilidades de recuperación. Tanto a valoración das probas escritas como das táboas de indicadores, seguirán o modelo xa explicado. As probas de recuperación estarán adaptadas a cada alumna/o, incidindo sobre os contidos e criterios de avaliación non aprobados, entendendo as unidades didácticas como bloques compactos, independentemente do resultado concreto de cada instrumento de avaliación.

Cada proba poderá conformarse polo tanto con contidos propios de cada unha das unidades non superadas. A nota obtida na proba corresponderá ao conxunto das unidades avaliadas e será a que compute para a media final, sexa esta por trimestres ou por unidades. No terceiro trimestre non existirá unha recuperación específica, senón unha proba final global, que se elaborará segundo o mesmo esquema exposto para a primeira e segunda avaliacións. Recollerá contidos de todas as unidades didácticas non superadas ao longo do curso e sumarase logo ao resto de notas de cada unidade que xa fora superado para calcular a nota definitiva da materia. O aprobado final seguirá os mesmos criterios xa expostos no apartado de criterios de cualificación en canto ao redondeo.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis: Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facelo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis. Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ser cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo. As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Traballo colaborativo.
7. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
8. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
9. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Empregaranse todas ou algunha delas en función da evolución do alumnado, das súas necesidades, a dinámica xeral do grupo ou as características de cada unidade didáctica.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso. En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. O plan específico personalizado incluirá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
  - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
  - e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
  - f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
  - g) Acreditación da información á familia.
- Como medida extraordinaria existe a posibilidade da adaptación curricular significativa, o que implica a realización dun documento específico que recolla o nivel de base e todas as medidas precisas de modulación dos criterios de avaliación e contidos, e que se realizará en coordinación co departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital e comunicación audiovisual.							X
ET.3 - Emprendemento, autonomía e traballo en equipo.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores.			X	X		X	X
ET.5 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X		X	X
ET.6 - Creatividade.						X	X
ET.7 - Educación medioambiental e para o coidado da saúde.			X	X	X	X	X
ET.8 - Non discriminación por motivos étnicos, de xénero, de orientación e diversidade sexual, etc.	X	X	X	X		X	X
ET.9 - Resolución pacífica dos conflitos.						X	X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Mice escolar.	Participación na mostra de cinema escolar do Museo do Pobo Galego.			
Charlas.	Organizar algunha charla na aula con persoas que teñan desenvolvido proxectos emprendedores na contorna.			
Saídas.	Intentarase organizar a visita ben a algunha feira sobre emprendemento que se realice na contorna, ben a algunha entidade que se considere de interese para o alumnado.			

### Observacións:

A participación na mostra escolar da MICE, que implica a realización de pezas curtas de cinema etnográfico e vai acompañada de formación por parte do Museo do Pobo Galego, empregárase como actividade práctica para desenvolver os contidos da unidade 7 durante a primeira e segunda avaliación. Realizar unha peza audiovisual en pequeno grupo supón levar á práctica moitos dos contidos que recolle a materia. Ademais, a actividade culmina cunha visita á Santiago para expor o resultado no marco da propia mostra.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Coñezo a composición da clase.
Teño en conta a diversidade para organizar a clase.
A miña programación ten en conta a diversidade.
Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa.
Deseño exercicios con niveis diferentes en cada unidade.
Teño en conta aos alumnos que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
Consulto a programación ó longo do curso e realizo modificacións en caso necesario.
Recollo na programación as competencias clave fundamentais.
Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto.
Ao comenzo de cada unidade ou tarefa proporciono ós alumnos toda a información que necesitan (aspectos, obxectivos, competencias a desenvolver, etc..).
O alumnado traballa de forma variada nas miñas clases.
Os exercicios que propoño son diversos.
As metodoloxías que propoño son diversas e inclúen o traballo en grupos o uso das TIC.
Aproveito as sesións para desenvolver os obxectivos recollidos na programación.
Antes de comenzo unha unidade explico ós alumnos os criterios de avaliación.
Utilizo diferentes tipos de probas para a avaliación.
Unha vez rematada a unidade avalío a idoneidade dos recursos e as actividades empregadas.
Programo recuperacións dependendo dos resultados obtidos.
Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Conseguíuse crear unhas boas condicións para a aprendizaxe.
Existiu relación coas familias do alumnado.

Atendeuse a diversidade e necesidades educativas especiais do alumnado.
Avaliáronse de forma diversa e completa todas as actividades, incluíndo ás de grupo.
As explicacións na aula son axeitadas e inclúen a atención á diversidade.
As actividades e estratexias son variadas.
Poténciase a lectura e habilidades instrumentais de comprensión e expresión oral e escrita.
Incorpóranse as TIC na práctica docente.
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada unidade
A avaliación é parte do proceso de ensino e aprendizaxe, non só un elemento finalista.
Implícome nas actividades de orientación e tutoría.
As actividades de reforzo, recuperación ou ampliación son axeitadas.
Manteño o ritmo das sesións previsto na programación. Remato as unidades no tempo previsto sen ter que renunciar a contidos e actividades.

### Descrición:

Os indicadores de logro recollidos na listaxe anterior serán avaliados (auto-avaliados) mediante unha serie de táboas de indicadores que se corresponden cos seguintes epígrafes. Cada táboa contará coa súa escala de valoración. A maiores, un último indicador de logro refírese ao ritmo das clases e ao grao de cumprimento da programación nun sentido temporal.

#### ATENDEMOS A DIVERSIDADE

1 Qué fago para coñecer a composición da clase?

- Pasar unha proba a comezo de curso
- Leo os informe anteriores
- Vexo os resultados da avaliación inicial
- Aportacións do Departamento de Orientación
- Reunións de grupo

2 Teño en conta a diversidade para organizar a clase

3 A miña programación ten en conta a diversidade

4 Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa

- En grupo grande
- En grupo pequeno
- De forma individual

5 Deseño exercicios con niveis diferentes en cada unidade

6 Teño en conta aos alumnos que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo)

#### AVALIAMOS A PROGRAMACIÓN

1 Consulto a programación ó longo do curso e realizo modificacións en caso necesario

2 Recoilo na programación as competencias clave fundamentais

3 Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto

4 Ao comezo de cada unidade ou tarefa proporciono ós alumnos toda a información que necesitan (aspectos, obxectivos, competencias a desenvolver, etc..)

#### VALORAMOS AS ACTIVIDADES DENTRO DA AULA

1 Os alumnos traballan da seguinte maneira nas miñas clases.

- De forma individual

- En grupos reducidos
- En grupos grandes
- 2 Os exercicios que propoño son do seguinte tipo
  - Pechados, dirixidos, do libro, etc.
  - Abertos, procedimentais, diversos, proxectos.
  - Facilitan o traballo cooperativo
- 3 Na metodoloxía que aplico:
  - Utilizo ferramentas TIC
  - Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma
  - Baséome nas explicacións teóricas e no libro
- 4 Como paso as horas lectivas (promedio)
  - Conseguindo silencio (cubriendo partes, facendo chamadas de atención, etc..)
  - Impartindo teoría e explicacións
  - Fomentando a participación e respondendo preguntas
  - Observando
  - Corrixindo ós alumnos e alumnas de xeito individual

#### AVALIACIÓN

- 1 Antes de comenzar unha unidade explico ós alumnos os criterios de avaliación
- 2 Utilizo diferentes tipos de probas
  - Exames escritos
  - Exames orais
  - Traballo individual
  - Traballo en equipo
- 3 Unha vez rematada a unidade avalío a idoneidade dos recursos e as actividades empregadas
  - Non
  - De maneira individual
  - No departamento.
  - Na clase
- 4 Programa recuperacións dependendo dos resultados obtidos
- 5 Na avaliación teño en conta diferentes competencias

#### INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

- 1 O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
- 2 Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
- 3 Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
- 4 Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
- 5 Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
- 6 Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
- 7 Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
- 8 Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
- 9 Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
- 10 Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
- 11 Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
- 12 Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

#### INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

- 1 Habitualmente, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
- 2 Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
- 3 Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
- 4 Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
- 5 Combínase o traballo individual e en equipo.
- 6 Poténcianse estratexias de animación á lectura.
- 7 Poténcianse estratexias, tanto de expresión como de comprensión, oral e escrita.
- 8 Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
- 9 Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada unidade.

- 10 Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados dos traballos realizados.
- 11 Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección dos traballos.
- 12 Dáselle ao alumnado a posibilidade de comentar os seus acertos e erros.
- 13 Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
- 14 As medidas de apoio, reforzo, etc están claramente vinculadas aos criterios de avaliación.
- 15 Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, etc

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa. Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens tras cada unidade impartida, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, resultados das avaliacións, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento. Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento. Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

## **9. Outros apartados**